

## O traballo

As persoas necesitamos para vivir bens que non podemos conseguir por nós mesmos, como a comida para alimentarnos e a roupa con que nos vestimos. Para obter estas e outras moitas cousas, temos que traballar.

**Traballo** é calquera actividade que realizan os seres humanos para obter un diñeiro a cambio, é dicir, un **soldo**.

### As persoas e o traballo

Desde o punto de vista do traballo as persoas divídense en dous grupos:



**A poboación activa.** Está formada por todas as persoas que traballan e reciben un soldo a cambio, máis as persoas que non teñen un emprego pero que o buscan. Por iso, neste grupo inclúense os **parados**.

**A poboación inactiva.** Está formada polas persoas que non poden traballar ou que non cobran un soldo polas súas actividades. Dentro deste grupo están os nenos, os xubilados, os estudantes e as amas de casa.

#### SABER MÁIS

##### As empresas

As empresas son organizacións que ofrecen produtos ou servizos a cambio de diñeiro. As empresas teñen distintos departamentos. Algúns dos máis frecuentes son o departamento de recursos humanos, o financeiro, o de produción, o de compras...

As empresas pódense clasificar segundo o número de traballadores que teñan en pequenas, medianas e grandes.



- Lectura páxina anterior no libro, Páx. 96. Do voso libro de texto.
- Contesta ás seguintes cuestións:
  - ✚ 1. Que bens necesitamos as persoas para vivir?
  - ✚ 2. Como podemos obter os bens que necesitamos para vivir?
  - ✚ 3. En que dous grandes grupos podemos dividir a poboación?
  - ✚ 4. Que entendiches que é a poboación activa?
  - ✚ 5. E a poboación inactiva?

Moito ánimo que o estades a facer moi ben! Un bico e unha aperta grande.